



DATOS IDENTIFICATIVOS

Formación Académica e Profesional

Materia	Formación Académica e Profesional			
Código	P02M066V06254			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Pontevedra): Orientación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Domínguez Pérez, María Teresa			
Profesorado	Domínguez Pérez, María Teresa			
Correo-e	mtdominguezperez@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral

O marco legal do modelo organizativo e funcional da orientación educativa no noso país queda establecido pola Lei Orgánica 2/2006 de Educación, LOE (2006). Esta Lei no seu artigo 1 apartado f), relativo aos principios da educación, establece a orientación educativa e profesional, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que priorice unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores

Así mesmo, no seu artigo 91.d) establece entre as funcións do profesorado, a orientación educativa, académica e profesional do alumnado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados. Igualmente, no artigo 22 da LOE, considérase como principio xeral aplicable á Educación Secundaria Obrigatoria a especial atención que se prestará á orientación educativa e profesional do alumnado.

Por último, no artigo 26, relativo aos principios pedagóxicos para esta etapa educativa, no seu apartado cuarto establece que corresponde ás Administracións educativas promover as medidas necesarias para que a titoría persoal do alumnado e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúan un elemento fundamental na ordenación desta etapa.

Entendemos a orientación educativa como un proceso de axuda e/ou acompañamento continuo a todas as persoas e en todos os aspectos, coa intención firme de potenciar o desenvolvemento integral do alumnado ao longo de toda a vida.

Bisquerra (2004) define a orientación psicopedagóxica como un proceso de axuda continua, a todas as persoas, en todos os seus aspectos, cunha finalidade de prevención e desenvolvemento, mediante programas de intervención educativa e social baseados en principios científicos e filosóficos.

Baixo este concepto de orientación psicopedagóxica reúnen as distintas manifestacións da orientación. Podemos destacar:

A orientación académica é un proceso de axuda ao estudante para que sexa capaz de resolver os problemas que a vida académica lle plantexa. Polo tanto, o proceso de axuda refírese sempre a situacións de axuda en actividades escolares, e para que ao longo do seu recorrido pola escola realice eleccións de acordo cos seus intereses, capacidades e coa súa situación persoal. O tipo de axuda que a orientación escolar ofrece presenta características distintas segundo a idade e nivel do/al escolar.

A orientación profesional é un proceso de axuda ao suxeito para que sexa capaz de elixir e prepararse axeitadamente para unha profesión ou traballo determinado, implica decisión, formación e a ubicación profesional. Trata de integrar as esixencias persoais coas necesidades sociais.

A orientación persoal apunta cara a vida interior da persoa, cara a súa harmonía interior, equilibrio persoal, coñecemento de sí mesmo, sen perder as perspectivas do seu entorno.

Polo tanto, a orientación académica e profesional é unha das áreas de interese prioritario da orientación psicopedagóxica, e é moito máis que unha mera información. Trátase de preparar para a vida laboral desde o sistema educativo, facendo tomar conciencia ao alumnado de que a profesión é un aspecto significativo da vida dunha persoa. A finalidade da orientación académica e profesional é facilitar a toma de decisións de cada estudante respecto do seu itinerario académico e profesional. En última instancia, se persigue que o propio alumno/a tome as decisións; é dicir, a AUTO-ORIENTACIÓN, aínda que neste proceso será moi importante o asesoramento que poida prestar o profesorado, especialmente o titor/a, así como os seus proxenitores e o orientador/a.

Os aspectos a desenvolver na orientación académico-profesional son os seguintes:

Coñecemento de sí mesmo: aptitudes, intereses, personalidade, valores, rendemento académico e estilo de aprendizaxe.

Información académica e profesional: estrutura do sistema educativo, modalidades de bacharelato, ciclos formativos, universidade, outras alternativas.

Optatividade: materias optativas e toma de decisións.

Proceso de toma de decisións: actitude, liberdade e responsabilidade, aceptar un risco de error.

Proceso de transición á vida activa: elaboración do currículum vitae e a entrevista persoal, aproximación ao mundo laboral, técnicas de busca de emprego.

Competencias

Código

- | | |
|-----|--|
| B7 | Desenñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable. |
| B8 | Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais. |
| B11 | Desenvolver as funcións de titoría e orientación dos estudantes de maneira colexiada. |
| B15 | Informar e asesorar ás familias achega do proceso de ensino e aprendizaxe e sobre a orientación persoal, académica e profesional dos seus fillos. |

B17	Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.
C1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
C7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Ser capaz de desenvolver habilidades de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo	B7 B8 B11 B15 B17	C1 C7 C8	D1

Contidos

Tema	
1. Bloque temático: Principios e modelos de Orientación Académica	1.1. Procesos e metodoloxías de orientación en ámbitos escolares. 1.2. Deseño, desenvolvemento e avaliación de plans e programas de orientación en contextos educativos e familiares.
2. Bloque temático: Plan de Acción Titorial	2.1. Orientación ao alumnado de rendimento baixo sobre técnicas de estudo, plan de traballo individualizado, entrevistas coas familias. 2.2. Proceso de toma de decisións 2.3. Asesoramento sobre itinerarios educativos: optatividade, modalidades de bacharelato, ciclos formativos,... 2.4. principios e fundamentos da Educación profesional
3. Bloque temático: Modelos de intervención en Educación	3.1. Orientación profesional e procesos de toma de decisións vocacional. Madurez vocacional, autocoñecemento e elección de estudos e profesións. 3.2. toma de decisións profesionais. Transición á vida activa, currículo vitae, fontes de emprego,... 3.3. Inserción profesional, exercicio libre da profesión, funcionariado, traballo por conta allea ou propia, axudas gubernamentais,...información profesional 3.4. Información Profesional. Programas de Orientación Profesional. Instrumentos e recursos de Orientación Profesional.
4. Bloque 4: O plan de Orientación Académico Profesional	4.1. O plan de Orientación Académica e profesional. 4.2. Consello Orientador. 4.3. Orientación para a superación de hábitos sociais discriminatorios que conducen o acceso a diferentes estudos ou profesións.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	12	26
Resolución de problemas	12	13	25
Presentación	12	13	25
Cartafol/dossier	0	12	12
Tutoría en grupo	0	12	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Actividades expositivas do profesorado e estudantes,. Exposicións, seminarios, presentación de exercicios, traballo ou proxectos a desenvolver.
Resolución de problemas	Resolución de exercicios na aula ou laboratorio baixo a dirección do profesor. desenvolvemento de análises críticos, lectura de textos, elaboración de informes, obradoiros.
Presentación	Documentación de traballos. Preparación de avaliacións.
Cartafol/dossier	Recompilación de traballos desenvolvidos durante o calendario da materia
Tutoría en grupo	Actividades titorizadas: resolución de exercicios, debates, elaboración de traballos, seminarios, simulacións, análise crítico de materiais, etc avaliacións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través do correo electrónico. Así mesmo, aqueles estudantes que desexen algunha titoría presencial poden pasar polas horas de titoría que cada un/ha destes docentes ten no centro onde imparte as clases de grado. Recoméndase concertar esa titoría con anterioridad a través do mail. PROFESORADO: M. Teresa Domínguez Pérez MAIL: mtdominguezperez@gmail.com
Resolución de problemas	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través do correo electrónico. Así mesmo, aqueles estudantes que desexen algunha titoría presencial poden pasar polas horas de titoría que cada un/ha destes docentes ten no centro onde imparte as clases de grado. Recoméndase concertar esa titoría con anterioridad a través do mail. PROFESORADO: M. Teresa Domínguez Pérez MAIL: mtdominguezperez@gmail.com
Titoría en grupo	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través do correo electrónico. Así mesmo, aqueles estudantes que desexen algunha titoría presencial poden pasar polas horas de titoría que cada un/ha destes docentes ten no centro onde imparte as clases de grado. Recoméndase concertar esa titoría con anterioridad a través do mail. PROFESORADO: M. Teresa Domínguez Pérez MAIL: mtdominguezperez@gmail.com
Presentación	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través do correo electrónico. Así mesmo, aqueles estudantes que desexen algunha titoría presencial poden pasar polas horas de titoría que cada un/ha destes docentes ten no centro onde imparte as clases de grado. Recoméndase concertar esa titoría con anterioridad a través do mail. PROFESORADO: M. Teresa Domínguez Pérez MAIL: mtdominguezperez@gmail.com
Cartafol/dossier	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través do correo electrónico. Así mesmo, aqueles estudantes que desexen algunha titoría presencial poden pasar polas horas de titoría que cada un/ha destes docentes ten no centro onde imparte as clases de grado. Recoméndase concertar esa titoría con anterioridad a través do mail. PROFESORADO: M. Teresa Domínguez Pérez MAIL: mtdominguezperez@gmail.com

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Recollida de sinaturas na aula	20	B7 B8 B11 B15 B17	C1 C7 C8	D1
Resolución de problemas	Recogida de intervencións e traballos prácticos	30	B7 B8 B11 B15 B17	C8	D1
Presentación	valorarase empregando Escala de Observación/lista de cotexo	10	B7 B8 B11 B15 B17	C1 C7 C8	D1
Cartafol/dossier	empregarase unha rúbrica	10	B7 B8 B11 B15 B17	C1 C7 C8	D1
Titoría en grupo	Traballos	30	B7 B8 B11 B15 B17	C1 C7 C8	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

<p <p Este máster ten a modalidade de educación presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización dos traballos para a avaliación continua é obrigatoria. Esta asistencia debe ser, polo menos, do 80 % estando admitido faltar o 20 % da presencialidade. <p><p Os prazos das entregas das actividades, traballos, etc. serán comunicados polo profesorado na clase, e tamén é necesario cumprilos para ser calificados na avaliación continua.<p><p O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha proba de avaliación, arredor dos contidos nucleares da materia, na data marcada no calendario do máster para os exámenes oficiais. Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado e o alumnado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente. <p>

Bibliografía. Fuentes de información

Bibliografía Básica

Álvarez González, M. y Bisquerra Alzina, R., **Orientación educativa. Modelos, áreas, estrategias y recursos.**, Madrid: Wolters Kluwer España.,

Coronado, A., **Analiza, compara y decide : programa de orientación académica y profesional.**, Sevilla: Kronos.,

González Gómez, J. P., **Orientación profesional.**, Alicante: Club Universitario, D. L.,

Bibliografía Complementaria

Álvarez González, M., **Orientación profesional.**, Barcelona: Cedecs Editorial.,

Blasco Calvo, P. y Pérez Boullosa, A., **Enfoques y aplicaciones prácticas en orientación y acción tutorial.**, Valencia: Nau Llibres.,

Bizquerra, R. (coord.), **Modelos de orientación e intervención psicopedagógica.**, Barcelona: Praxis,

Borrego, M. y Díaz, J., **Orientación vocacional y profesional: materiales de asesoramiento para ESO y**

Bachillerato., Madrid: CCS,

Fernández Gálvez, J. de D., **La orientación educativa: claves de éxito profesional : buscando la magia del mago sin magia.** Granada: Grupo Editorial Universitario.,

García Mediavilla, L. y Martínez González, M. C., **Orientación educativa en la familia y en la escuela: casos resueltos.**, Madrid: Dykinson.,

Grañeras Pastrana, M. y Parras Laguna, A. (coords.), **Orientación educativa: fundamentos teóricos, modelos institucionales y nuevas perspectivas.**, Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte / CIDE.,

Lopez Barajas, E., **Estrategias de formación en el siglo XXI.** Barcelona: Ariel.,

Martín, E. y Solé, I. (coord.), **Orientación educativa. Modelos y estrategias de intervención.**, Barcelona: Editorial Graó,

Nieto, J.M. y Botías, F., **Los equipos de orientación educativa y psicopedagógica.**, Barcelona: Ariel,

Rodríguez Moreno, M. L., **La orientación profesional.** Barcelona: Ariel,

Rodríguez Moreno, M. L., **Cómo orientar hacia la construcción del proyecto profesional.**, Bilbao: Desclée de Brouwer.,

Romero, S., **De gira hacia el trabajo : programa de orientación para la toma de decisiones y la transición a la vida activa para el final de la Educación Secundaria Obligatoria.** Archidona: Aljibe,

Sorando, J., **La orientación vocacional: materiales de trabajo.** Madrid: CCS.,

LOMCE 8/2013, **Lei orgánica para a mellora da calidade educativa.**

Recomendacións

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular/P02M066V06106

A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación/P02M066V06253

Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas/P02M066V06105

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Orientación e Función Titorial/P02M066V06101

Sistema Educativo e Educación en Valores/P02M066V06104
